



PAU (LOXSE)
XUÑO 2006

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

(...) É un erro grave, e dos máis perxudiciais, inculcar á muller que a súa misión única é a de esposa e nai; equivale a lle dicir que non pode ser nada de seu, e anquililar nela o seu *eu* moral e intelectual, (...).

4 O primeiro que necesita a muller é afirmar a súa personalidade, independente do seu estado, e persuadírase de que, solteira, casada ou viva, ten deberes que cumprir, dereitos que reclamar, dignidade que non depende de ningún, un traballo que realizar, e idea de que é unha cousa seña, grave, a vida, e que se a toma como un xogo, ela será indefectiblemente xoguetea. Dádeme unha muller que teña estas condicións, e dareivos unha boa esposa e unha boa nai, que non o será sen elas. Canta fala lle han facer, c ós seus fillos, de quedar viva. E se permanece solteira, pode ser moi útil, moito, á sociedade, moi necesitada de persoas que contribúan á conservación da especie. A falta de personalidade na muller esteriliza grandes calidades de melleiros de solteiras ou vivas; e non é pouco o dano que da súa falta de acción benéfica resulta.

Concepción Arenal (tradución), 1884.

BLOQUE I

- 1.- Sinála a estrutura do texto. (1 punto)
- 1.- Expon de xeito crítico a túa opinión sobre as ideas que se expoñen no texto. (Mínimo 20 liñas (2 puntos))

BLOQUE II

- 3.- Fíxate na expresión *de seu* (líña 2). Explica o que significa no texto. Inventa dous exemplos expresión *de meu* e outros dous con *de teu*, indicando en todos os casos o seu significado (1 punto)
- 4.- *Esposa* (líñas 2 e 8) e *nai* (líñas 2 e 8), pertencen ó mesmo campo semántico. Indica outros termos que pertencen a este mesmo campo semántico. (1 punto)
- 5.- Localiza cinco pronomes persoais átonos no texto e sinala a función sintáctica que desen cada un deles (1 punto)
- 6.- Lingua minorizada e lingua minoritaria. Definición, semellanzas e diferenzas. (Mínimo 15 (1 punto))

BLOQUE III

- 7.- A literatura galega do exilio. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

TEXTO. (2º BAC)

“A SEDUCCIÓN DO DIÑEIRO”

Tan decisiva é a sedución dos cartos, que a súa influencia resulta determinante incluso nos asuntos máis conflituivos. Alí onde as paixóns políticas ou raciais parecen irreconciliables, a baza crematística termina sempre gañando a partida. Baluarte poderoso, eu diría que invencible, é o diñeiro. (...) As guerras –sobre todo as modernas non as gañan nin o heroísmo dos soldados nin a intelixencia dos seus xefes, gáñanas os países que dispoñen dunha economía superior. Na política sucede o mesmo.

Un exemplo de que isto é así, témosto no caso da detención do ex presidente de Iugoslavia Slobodan Milosevic. Tras a súa derrota democrática a mans de Vojislav Kostunica, ao ser acusado de crimes contra a humanidade por unha Corte Internacional e por crimes de guerra ante o Tribunal Penal do seu país, o ditador buscou refuxio na súa casa das aforas de Belgrado. (...) Realizábanse conversas a todos os niveis, pero Milosevic seguía tan cheo de razón na súa residencia, incluso fachendeando do poder que xa non tiña.

Pero son comprensibles os titubeos do goberno de Kostunica ante un caso tan complicado como a detención e o proceso de Milosevic, ao que o exército aínda respecta. Os exércitos, xa se sabe, acostuman ser moi respectuosos cos ditadores. En Chile, co xeneral Pinochet aquí con Franco. Pero volvo ao primeiro deste artigo: o diñeiro manda. Washington recordoulle a Belgrado que se encontra conxelada unha partida de cincuenta millóns de dólares para axudar a Iugoslavia se de verdade quere entrar no camiño da democracia, anunciando, ademais, que de non ser así velaría o Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial e outras institucións financeiras para calquera axuda ao país balcánico. E a data límite cumpría co mes de marzo.

Polo tanto, como “money is money”, o goberno de Kostunica acabou coas arrogancias de Milosevic e dos seus afoutos defensores. Comprenderon, uns e outros, que sen axuda norteamericana, a reconstrución de Iugoslavia non pasa de ser unha utopía, polo que a orde do xuíz se produciu antes de que se cumprira o prazo dado pola Administración estadounidense, e a estas horas Milosevic xa non depende dos seus incondicionais, senón da xustiza iugoslava. (...).

José López: O correo Galego, 3-4-2001

1. Subliña as ideas fundamentais do texto.
2. Resume o seu contido.
3. Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias.
4. Indica o tema do texto.
5. Comenta criticamente a seguinte afirmación: “As guerras –sobre todo as modernas– non as gañan nin o heroísmo dos soldados nin a intelixencia dos seus xefes, gáñana os países que dispoñen dunha economía superior. Na política sucede o mesmo.”

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN A

O pai de Migueleño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueleño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero diante de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueleño e a súa nai agardaban no *peirán* do Porto. O corazón do rapaz batíalle na taboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai: ensoñado.

De stupeo avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueleño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o americano máis cobiza sentía o rapaz por encheo de bicos. Aí, o americano pasou de largo sen mirar para ningún, e Migueleño deixou de querello.

Agora si, agora si que o era. Migueleño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz debeciase por bicalo a fartar. Tiña un porte de tanto señorío! Aí, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos angustiosos dun neno. Migueleño escolleu así moitos máis que non eran e a todos quixo tolaamente. E cando escoltíba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazado a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home moi frego, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fora do cacho, cos ollos encoveirados, tuisindo...

Aquel si que era o pai de Migueleño.

A. R. Castela, *Comas*.

1 Por que crees que Migueleño, a pesar de que "sabía cos ollos pechados como era o seu pai", o contunde retidamente con outros americanos e finalmente non o reconece? Apoiá a túa resposta con referencias explícitas ao propio texto. [1 punto]

2 Que idea crees que nos intenta transmitir o autor con esta anécdota? Cal é a visión que nos dá Castela da emigración neste texto? [1 punto]

3. Galicia pasou en poucos anos de ser país de emigración a receptora de inmigrantes. Compara ambos os fenómenos e reflexiona acerca da imaxe que temos hoxe en Galicia sobre a emigración e da que había antes sobre a emigración de galegos a outras terras [3 puntos]

4. Na liña 4 aparece a terminación *-dir (peirán)* característica dun determinado bloque dialectal do galego. Identifica ese bloque e sinala outras tres características propias desa zona. [1 punto]

5. Analiza sintacticamente: *O rapaz debeciase por bicalo a fartar*. (l. 12) [1 punto]

6. Conteste unha destas dúas preguntas (escolle só unha). [1 punto]

a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

b) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

7. Contesta unha destas dúas preguntas (escolle só unha) [2 puntos]

a) A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.

b) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

TEXTO I

Un informe do Instituto Galego de Consumo destaca que os mozos galegos de entre 16 e 30 anos gastan ata tres veces máis en roupa ca en mercar libros.

O estudo salienta que o perfil medio do mozo galego é alguén que vive na casa de seus pais, que valora a imaxe e a roupa que concede pouca importancia á ideoloxía na súa vida.

O informe revela máis datos: os mozos destinan o 17.1 % de gasto ao acceso aos locais de lecer de bebidas, fronte a un 3.8 % que lle dedican á cultura; só 13 de cada 100 admite mercar habitualmente un xornal, gastan máis en tabaco e en combustible de automoción (un 5.5 %) ca en libros, discos e entradas de cine, por exemplo.

Os datos son desalentadores e o informe revela unha práctica cultural pouco fluída nos mozos galegos.

1. Indica as partes en que se estrutura este texto.

6 TEXTO 2

Os accidentes de circulación son unha das eivas da sociedade moderna. Todas as enquisas demostran que existe unha relación directa entre o exceso de velocidade na estrada e os accidentes de circulación. A condución convértese nun acto mecánico para aquelas persoas que coñecen o seu traxecto de memoria ou que levan moitos anos conducindo, polo cal non extreman a prudencia e teñen tendencia a correr máis. De maneira semellante, os condutores novos, quizais debido á impetuosidade propia da xuventude, tamén amosan unha clara predisposición a correr co coche. O que está claro é que o exceso de velocidade reduce a capacidade de reacción do condutor e favorece as situacións de risco. Estas situacións agrávanse cando hai pouca visibilidade e cando chove ou neva.

Correr moito pon en perigo a propia vida e a dos demais. As autoridades deben reforzar os controis da velocidade para regular esta situación e así evitar as traxicas consecuencias que se dan todos os días nas nosas estradas.

1. Extrae as ideas principais e secundarias deste texto.

2. Elabora o tema e ponlle un título.

3. Indica as partes en que se estrutura este texto.